



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Lingua Española 1	Código	613G01001	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Gonzalez Garcia, Luis	Correo electrónico	luis.gonzalezg@udc.es	
Profesorado	Gonzalez Garcia, Luis Veleiro Perez, Ana Maria	Correo electrónico	luis.gonzalezg@udc.es ana.veleiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo descritivo e instrumental da lingua española. Elaboración e análise de textos orais e escritos de diferentes ámbitos.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer e aplicar os principais mecanismos de descrición e análise dos compoñentes gramaticais e léxico-semánticos do español.	A1 A2 A3 A11 A14 A15 A19 A23	B1 B2 B3 B5 B6 B7 B9	C1 C3 C6
Coñecer e aplicar as técnicas de composición de diferentes tipos de textos.	A2 A5 A10 A11 A15	B2 B3 B4 B5 B7	C1 C3 C6
Producir textos orais e escritos dotados de cohesión e coherencia, e adecuados á situación comunicativa.	A5 A9 A10	B2 B3 B4 B5 B7 B8 B10	C1 C3 C4 C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas



I. ESTUDO DESCRITIVO DA LINGUA	1. O COMPOÑENTE MORFOLÓXICO 2. O LÉXICO DO ESPAÑOL 3. O COMPOÑENTE SINTÁCTICO (I). As clases de palabras e os grupos sintácticos 4. O COMPOÑENTE SINTÁCTICO (II). A oración simple 5. O COMPOÑENTE SINTÁCTICO (III). A oración composta 6. O TEXTO
II. ESTUDO INSTRUMENTAL. ELABORACIÓN DE TEXTOS	1. O PROCESO DE COMPOSICIÓN DE TEXTOS 2. ELABORACIÓN DE TEXTOS

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A10 A11 A14 A19 A23 B1 B5 B9 B10 C3 C4 C6	18	28	46
Lecturas	A1 A3 A5 A11 A14 A23 B1 B3 B6 B7 B8 C7	3	18	21
Solución de problemas	A1 A2 A3 A5 A9 A11 A14 A15 A19 A23 B1 B2 B5 B6 B7 C3	16	30	46
Obradoiro	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A11 A15 A19 B2 B4 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C6	7	14	21
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 A3 A11 A14 B3 B5 B8 B9	2	0	2
Proba mixta	A1 A2 A3 A5 A9 A11 A14 A15 A19 A23 B4 B6 B7 B10 C1	2	10	12
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Impartiranse nas sesións comúns de carácter expositivo (grupo grande). O profesor presentará os temas e desenvolverá os apartados que se consideren de especial dificultade.
Lecturas	O alumno preparará, fóra de clase, lecturas que os profesores indiquen.
Solución de problemas	Exercicios prácticos, como pequenas probas, por exemplo, nos que se aplicarán os contidos do temario. Propónse unha metodoloxía activa, o que supón que o estudante implíquese na aprendizaxe e traballe con asiduidade.



Obradoiro	<p>Desenvolverase un taller de composición de textos.</p> <p>O taller sustentarse basicamente no traballo persoal de cada alumno e no traballo grupal; sexa nun caso ou sexa no outro, a profesora tutelaré constantemente a aprendizaxe do estudante.</p>
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) que permiten profundizar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia.
Proba mixta	<p>Realizarase unha proba mixta en xaneiro e outra en xullo os días sinalados oficialmente pola facultade.</p> <p>Nesta proba avaliarase a consecución das competencias adquiridas: o coñecemento dos mecanismos básicos de descrición do español, a asimilación das lecturas realizadas e a aplicación destes coñecementos á práctica (as actividades do exame serán semellantes ás realizadas en clase). Así mesmo, valorarase notablemente o rigor e a corrección no uso da lingua.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Lecturas Solución de problemas Obradoiro	<p>Fomentarase as titorías para todas as metodoloxías que o requiran, como as actividades que precisen dunha fase de preparación e seguimento. Así mesmo, atenderase aos alumnos ao longo de todo o curso para resolver dúbidas da materia, tanto para a primeira edición de actas como para a segunda. Finalmente, analizaranse tamén individualizadamente os resultados das actividades, probas...</p> <p>As titorías poderanse levar a cabo persoalmente ou mediante correo electrónico. No primeiro caso, os alumnos acudirán ao despacho dos profesores no horario establecido que se fará público a principio de curso.</p> <p>A atención personalizada aos alumnos levarase a cabo tamén nas sesións de grupo reducido, nas que o profesorado poderá supervisar individualmente o desenvolvemento das actividades por parte dos estudantes.</p> <p>A posible atención a alumnos con necesidades especiais abordarase desde esta perspectiva de atención individual, ben en titorías, ben en clase. Si é preciso deseñaranse actividades especiais.</p> <p>Alumnos con dispensa académica recoñecida: Dedicarase as sesións de titoría (presencial ou por correo electrónico) para o seguimento da súa actividade académica.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A2 A3 A5 A9 A11 A14 A15 A19 A23 B4 B6 B7 B10 C1	<p>Realizarase unha proba mixta en xaneiro e outra en xullo os días sinalados oficialmente pola facultade.</p> <p>Neste exame evaluaranse todos os temas incluídos no estudo descriptivo da lingua (primeiro bloque do temario). Valorarase a consecución das competencias adquiridas: o coñecemento dos mecanismos básicos de descrición do español, a asimilación das lecturas realizadas e a aplicación destes coñecementos á práctica. As actividades do exame serán semellantes ás suscitadas en clase.</p>	50
Solución de problemas	A1 A2 A3 A5 A9 A11 A14 A15 A19 A23 B1 B2 B5 B6 B7 C3	<p>Avaliación das actividades e pequenas probas que se susciten ao longo do curso.</p> <p>Avisarase con antelación cando se realizarán as pequenas probas.</p>	40
Obradoiro	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A11 A15 A19 B2 B4 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C6	<p>Valorarase a produción de textos dotados de coherencia e cohesión, adecuados á situación comunicativa e correctos.</p>	10



Observacións avaliación

Para superar a asignatura, a cualificación mínima da proba mixta deberá ser de 4 puntos sobre 10.

Cualificarase como "non presentado" quen non se presente ao exame final oficial, independentemente do número de actividades entregadas.

Na segunda edición de actas (mes de xullo) poderanse recuperar todos os instrumentos de avaliación arriba descritos coas mesmas porcentaxes que na primeira edición, salvo que na segunda oportunidade, en casos concretos, se favoreza ao alumno reducindo o número de actividades para entregar. Só se cualificará como non presentado quen xa tivese esta cualificación na edición de actas de xaneiro e, ademais, non se presente ao exame oficial de xullo.

Os traballos ou actividades entregaranse como se indíque en cada caso, ben por correo electrónico desde a dirección que a UDC proporciona a cada estudante, ben en clase, en man. O estudante comprométese a gardar unha copia de cada traballo, en previsión de problemas na recepción. Deben entregarse no prazo fixado.

Para aprobar a asignatura, as actividades, os textos e os exames deben cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal, etc.). Faltas de ortografía como uso incorrecto de acentos, puntuación, etc., descontarán 0,2 puntos; no caso das faltas graves, descontaranse 0,5 puntos.

O plaxio (é dicir, a utilización de textos ou ideas doutros autores sen indicar a fonte de procedencia), mesmo parcial, ou calquera outra falta de honradez académica, dará lugar á descalificación automática da actividade.

Alumnos con dispensa académica recoñecida. Aplicaráselles o mesmo sistema de avaliación (con maior flexibilidade nas datas, que se acordarán entre profesor e alumno).

Alumnos erasmus e estranxeiros: Recoméndase un nivel equivalente a B1 como mínimo para matricularse na materia. Ao final de curso, esixirase para superar a materia un nivel equivalente a B2.

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2005). Diccionario panhispánico de dudas. Madrid: Espasa Calpe. En línea en http://lema.rae.es/dpd/ - Gutiérrez Araus, M.^a Luz et al. (2005). Introducción a la lengua española. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces - Gómez Torrego, Leonardo (2010). Gramática didáctica del español. Madrid: SM - Montolío, Estrella (Dir.^a) (2014). Manual de escritura académica y profesional. Barcelona: Ariel - Andión Herrero, M.^a Antonieta (2005). Modalidades textuales, en Gutiérrez Araus et al., 2005: 345-360. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces - Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2010). Nueva gramática de la lengua española. Manual. Madrid: Espasa Calpe - Sánchez Lobato, Jesús (coord.) (2006). Saber escribir. Madrid: Aguilar - Briz, Antonio (coord.) (2006). Saber hablar. Madrid: Aguilar. - Serrano Serrano, Joaquín (2002). Guía práctica de redacción. Madrid: Anaya - Aleza izquierdo, Milagros (coord.^a) (2011). Normas y usos correctos en el español actual. Valencia: Tirant lo Blanch - Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2001). Diccionario de la lengua española. Madrid: Espasa Calpe. En línea en http://lema.rae.es/drae/ - Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2012). Ortografía básica de la lengua española. Barcelona: Espasa Libros - Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2011). Nueva gramática básica de la lengua española. Barcelona : Espasa Libros - Rojo, Guillermo y T. Jiménez Juliá (1989). Fundamentos del análisis sintáctico funcional. Santiago: Universidad - Hernanz, M^a Lluïsa y J. M^a Brucart (1987). La Sintaxis. Barcelona: Crítica - Lieber, Rochelle (2010). Introducing Morphology. New York: Cambridge University Press - Varela Ortega, Soledad (2005). Morfología léxica: la formación de palabras. Madrid: Gredos - Aguirre, Carmen (2013). Manual de Morfología. Barcelona: Castalia <p>Os alumnos deben estar atentos con asiduidade á plataforma Moodle da UDC, na que se depositará material necesario para o adecuado seguimento da materia: esquemas, exercicios, lecturas, etc.</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>Ao inicio de cada tema proporcionarase bibliografía específica.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para o aproveitamento óptimo dos recursos docentes proporcionados recoméndase a asistencia a todas as clases, tanto ás sesións expositivas nas que se explican os contidos principais da materia, como ás clases interactivas nas que se traballa na aplicación dos contidos teóricos, e tamén ás clases de grupos reducidos nas que, mediante obradoiros, se practica a composición de textos, aspecto moi importante na materia e no proceso formativo dos alumnos.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

